

NÚMERO 2/16

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e cinco de febreiro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Escusan a súa ausencia os concelleiros D. Marcos López Mallo e D. Marcos Villar López.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédeuse ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación de actas de sesións anteriores.-

Apróbase por unanimidade as actas das sesións nº 19/2015, de 17 de decembro, e 20/2015, de 30 de decembro.-

2º.- Recurso de reposición contra a aprobación da Conta Xeral do Presuposto do exercicio 2014.-

Dáse conta á Corporación do ditame da Comisión especial de Contas e Facenda sobre o recurso de reposición interposto por D. Argimiro Casco Lago contra o acordo plenario de 28-1-2016 polo que se aprobou a Conta Xeral do presuposto do Concello correspondente ao exercicio 2014 desestimando a súa alegación; ditame polo que á vista dos informes emitidos, se propón a admisión de dita alegación considerada nun principio extemporánea, por terse acreditado que foi presentada no prazo legalmente establecido.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por unanimidade:

1º.- Admitir o recurso de reposición presentado no Rexistro de Entrada do Concello co número 1000/2016, considerando dentro de prazo a única alegación presentada co número 4/2016 de Rexistro de Entrada, en relación co expediente de aprobación da Conta Xeral do presuposto do Concello correspondente ao exercicio 2014.-

2º.- Desestimar dita alegación en base aos informes contidos no expediente, ratificando a aprobación da Conta Xeral do presuposto do Concello do exercicio 2014 realizada en sesión plenaria de 28-1-2016.-

3º.- Continuar coa tramitación do expediente tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.-

3º.- Modificación da Ordenanza Fiscal nº 16, Reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.-

Dáse conta do ditame da Comisión Xeral favorable á proposta de modificación da Ordenanza fiscal núm. 16, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, en razón de eliminar a tarifa desglosada en temporada baixa e temporada alta.-

Tras informar a sra. Bolaños do contido da modificación, maniféstanse a favor da mesma os voceiros dos distintos grupos, pedindo o sr. Anido que se actualice o estudo económico das tarifas e se detallen nel os distintos consumos das barracas.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- De conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, apróbase con carácter provisional a modificación da seguinte ordenanza fiscal:

- Ordenanza Fiscal nº16, reguladora da taxa ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico, dando nova redacción ao seu artigo 5, nos seguintes termos:

“Artigo 5.- Tarifa.

1. Tomarase como base para a determinación do importe da taxa, o tempo de duración do aproveitamento e os metros cadrados de terreo de uso publico que son obxecto da ocupación.-

2. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas Tarifas seguintes:

Metros cadrados de superficie ocupada.- Tarifa m2/día.- Tarifa mínima de instalación por tramo e día.-
Ata 49 m2.- 1,25 €/m2/día.- 30,00.-
De 50 a99 m2.- 1,20 €/m2/día.- 61,25.-
De 100 a149 m2.- 1,15 €/m2/día.- 118,8.-
De 150 a299 m2.- 1,10 €/m2/día.- 171,35.-
Mais de 299 m2.- 0,65€/m2/día.- 328,90.-”

2º. Expoñer ao público este acordo no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, durante o prazo de 30 días hábiles contados desde a data de publicación do último destes anuncios, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, quedando elevado dito acordo a definitivo no caso de que non se presentaran reclamacións dentro do prazo sinalado.-

4º.- Proposta de corrección de erros na aprobación do Plan de Acción Social, PAS 2015.-

O sr. Alcalde abre o debate concedendo a quenda de intervención ao Grupo PP. O sr. Anido di que a Deputación advertiu de que certas obras que figuran como de carácter social non se axustan a este concepto, e o goberno municipal en vez de substituílas opta por cambialas de epígrafe; o seu grupo vaise abster para non obstaculizar isto. O sr. Alcalde di que neste punto hai unha diferenza de criterios, considerando algúns técnicos da Deputación, non todos, que certas obras non son investimentos sociais, polo que en vez de debater coa Deputación preferiuse cambiar a clasificación desas obras como solución máis rápida e sinxela.-

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría, con nove votos a favor e seis abstencións, o seguinte acordo:

1º.- Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración.- Deputación.- Concello.- Orzamento total.-

Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e pavimentacións nun tramo da rúa do Río e na 1ª Trav. da rúa da Obra.- 160164,6.- 0.- 160164,6.-

Reordenación do tráfico ciclista no Paseo Marítimo de Sada.- 74771,03.- 139,91.- 74910,94.-

SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL.- 234935,63.- 139,91.- 235075,54.-

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración.- Deputación.- Concello.- Orzamento total

Pavimentado camiño Campo de Sar-Costa, parroquia de Soñeiro.- 54507,09.- 0.- 54507,09.-

Dotación do servizo de saneamento no camiño entre Lamela (Carnoedo) e Lácere (Mondego).- 79784,85.- 0.-79784,85.-

SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS.- 134291,94.- 0.- 134291,94.-

C) Resumo:

Denominación da obra.- Deputación.- Concello.- Orzamento total.-

SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL.- 234935,63.- 139,91.- 235075,54.-

SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS.- 134291,94.-0.- 134291,94.-

T O T A L.- 369227,57.- 139,91.- 369367,48.-

2º.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social.- Orzamento.-

Substitución da pavimentación e mellora das instalacións municipais na rúa Ponte.- 66068,08.-

TOTAIS.- 66068,08.-

3º.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-

4º.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.-

5º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.-

6º.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.-

7º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

8º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.□-

5º.- Proposta de aprobación de proxectos modificados dos aprobados no Plan de Aforro Municipal, PAI 2015.-

Expón a proposta o sr. Montouto, dicindo que o novo goberno municipal achou iniciado un procedemento negociado para a contratación destas obras do PAI 2015, por importe de mais de 200.000 euros, e considerou mais adecuado contratalas por concurso; xunto con este cambio de criterio valorouse modificar os proxectos para mellorar a calidade técnica, o que se encargou externamente a un enxeñeiro industrial que asesorou no sentido do que se trae hoxe aquí a Pleno.-

O sr. Anido di que efectivamente íase facer esta contratación por procedemento negociado, que é un procedemento legal e moitísimo máis áxil. Parécelle correcta a contratación externa dun enxeñeiro, el tamén contratou determinados servizos ou traballos cando por carga de traballo dos técnicos municipais, especificacións concretas ou por outros motivos resultaba mais adecuado. O seu grupo vaise abster. O sr. Alcalde aclara que se recorreu a un técnico externo a solicitude do técnico do concello porque detectou eivas nos proxectos iniciais e dixo que vía importante axustarse á normativa o mellor posible ante a complexidade dos investimentos. O sr. Anido di que está de acordo coa complexidade e a cantidade de opcións que hai en canto a eficiencia enerxética, pero a través dun procedemento aberto ábrese moito a participación de máis empresas, e hai o risco de que se presenten empresas de todo tipo e de todas partes.-

Sometido o asunto a votación, por maioría de nove votos a favor e seis abstencións acórdase:

1º.- Aprobar os seguintes proxectos técnicos modificados, que foron redactados polo Enxeñeiro Industrial Rubén Darío Suárez-Torga y Martínez, e que non supoñen variación económica ningunha con respecto aos aprobados polo Concello Pleno en sesión celebrada o 16-2-2015 e incluídos no Plan de Aforro Municipal, PAI 2015:

DENOMINACIÓN.- ORZAMENTO TOTAL.- ACHEGA MUNICIPAL.- PRÉSTAMO PROVINCIAL.-
Subministro e instalación de alumado público por outro de maior eficiencia enerxética na Av. de R. Arxentina e na estrada de Sada ao Castro.- 44343,93.- 0.- 44343,93.-

Subministro e instalación de alumado público por outro de maior eficiencia enerxética na estrada de Sada a Castelo.-43553,95.- 0.- 43553,95.-

Subministro e instalación de alumado público na estrada de Sada a Carnoedo por outro de maior eficiencia enerxética, en Sada.- 43553,95.- 0.- 43553,95.-

Subministro e instalación de alumado público por outro de maior eficiencia na Av. Barrié da Maza.- 46994,22.- 0.-46994,22.-

Subministro e instalación de alumado público por outro de maior eficiencia enerxética na estrada de Sada a Meirás.- 43553,95.- 0.- 43553,95.-

T O T A L.- 222000.- 0.- 222000.-

2º.- Dar traslado deste acordo á Excma. Deputación Provincial.-

6º.- Ratificación, se procede, das correccións efectuadas nos proxectos técnicos do Plan provincial de Obras e Servizos, POS 2016.-

Apróbase por maioría, con nove votos a favor e seis abstencións, o seguinte ditame da Comisión informativa Xeral:

“Resultando que en sesión plenaria de data 17-12-15 foron aprobados os proxectos técnicos a incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS 2016, e que unha vez revisados polo Servizo de apoio técnico a Municipios da Deputación Provincial, requiriuse ao Concello para a corrección en deficiencias detectadas, dáse conta ao Concello Pleno das seguintes emendas efectuadas:

1º.- Decreto nº 112/2016, do 29-1-2016, de aprobación de corrección de erro material e no plan de xestión de residuos do proxecto de Pavimentación, servizos e accesibilidade no entorno do Campo de

fútbol de As Mariñas, en Sada, cun orzamento de 81.200,70.- euros, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal D. Valentín Medina Prieto.-

2º.- Decreto nº 199/2016, do 11-2-2016, de aprobación do proxecto técnico incluído no Plan Complementario do Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación Provincial 2016, que emenda as deficiencias e completa o aprobado en sesión plenaria de data 17/12/2015, que non pasaba de ser unha memoria técnica:

- Reparación da cuberta do Pavillón municipal, cun orzamento total de 30.000,00.- euros, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal D. Valentín Medina Prieto.□-

Control de Órganos de Goberno:

7º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 25-1-2016 a 19-2-2016.-

8º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico preséntanse as seguintes mocións:

8º.1.- Moción do grupo municipal do PP en relación coa creación dunha comisión informativa especial sobre as alegacións ao PXOUM correspondentes á zona do Tarabelo.-

Antes do exame da moción, o sr. Alcalde lembra que a Lei 5/97, de administración local de Galicia, establece que “As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais redactaranse en lingua galega”, e prega que sen prexuízo de que podan presentalas tamén en castelán, entreguen as mocións en galego para cumprir a lei, aprobada en 1997.-

Acto seguido o sr. Anido motiva a urxencia da moción dicindo que o PP presentou unha moción similar en xullo, e foi retirada porque así o solicitou o sr. Alcalde dicindo que ía convocar unha Comisión de Urbanismo para falar deste tema, suficientemente grave como para ter unha investigación, que xurdiu cando ao contestar el as alegacións como alcalde en funcións, houbo veciños que pediron explicacións por aparecer os seus nomes en alegacións que eles non presentaran, sobre todo na zona de Tarabelo.-

Declarada por unanimidade a urxencia do asunto, o sr. Anido expón o contido da moción dicindo que fai seis meses o seu grupo pediu a creación dunha comisión de investigación sobre este asunto, e ao non ter as entidades locais competencia para crear una comisión de investigación, que se tratara na Comisión de Urbanismo a existencia dun importante volume de alegacións ao Plan Xeral con idéntico formato e estrutura, nas que podería existir suplantación de identidade de persoas doutros concellos, Betanzos, Irixoa, Arteixo, e que cre que estaban dirixidas politicamente por parte de Anova para torpedear o Plan, esa suposta suplantación de veciños é o suficientemente grave como para tratar de aclaralo e ademais puido haber indebida publicación na web municipal de datos privados.-

O sr. Montouto di que desde que se pechou en abril de 2013 o período de alegacións contra o Plan Xeral ata xuño de 2015, o goberno municipal anterior non se decatou desa suposta usurpación de identidade; tiveron as alegacións á súa disposición e tras o cambio de corporación pedíronas outra vez e se lles deron; o Concello non ten competencias para investigar supostas tramas delitivas, para iso están os xulgados e a fiscalía e quen queira que manifeste alí o que teña que manifestar; non houbo trama ningunha senón alegacións duns veciños, por certo estimadas; o seu voto vai ser en contra.-

O sr. Anido di que analizar alegación por alegación era cousa do equipo redactor, non do goberno municipal anterior, que se deu conta desa posible usurpación de identidades cando el, como alcalde en funcións, contestou as alegacións, e ante diversas queixas recibidas detectaron que supostamente alguén utilizara a identidade doutras persoas para presentar alegacións ao Plan, o que é da suficiente gravidade como para investigalo como tamén cre que non se respectou a privacidade desas persoas; por todo o cal pide o voto a favor da moción.-

O sr. Suárez di que se presentaron aproximadamente 2.000 alegacións, das que se estimaron máis do 60%, o cal algo quererá dicir; este goberno municipal non ten medo ningún á xustiza, ao contrario, polo que se o sr. Anido considera que se ten que investigar, que vaia á fiscalía e que a fiscalía investigue.-

A sra. Bolaño di que se o sr. Anido fala de posible delito, a súa responsabilidade como concelleiro e como cidadán é ir a onde ten que ir, todo o demais son titulares.-

O sr. Montouto di que as alegacións se resolven nun mesmo acto, non entende que non se decataran no momento porque supón que as alegacións non se contestarían na última semana de xuño de 2015,

2000 alegacións levan un proceso de contestación, e se isto é así non entende como non se fixo nada no seu momento se sospeitaban que podía haber algo.-

O sr. Anido ten claro que non é lóxico que alguén o mesmo día presente 145 alegacións, o que estamos discutindo é que unha vez contestadas as alegacións haxa persoas cuxas identidades foron utilizadas para presentar esas alegacións, e que tamén estiveran expostas na web municipal á vista de todo o público.-

O sr. Gómez di que o elevado número de alegacións no Tarabelo débese a que se fixo unha chapuza de Plan, nas normas subsidiarias do 97 estaba como solo urbano industrial, e o goberno municipal do PP ou o equipo redactor fixeron unha chapuza metendo isto nun polígono.-

O sr. Alcalde di que o seu partido fixo no Tarabelo o mesmo que en todos os sitios, asesorar á xente, recibir as súas inquietudes e axudarlles a tramitar as alegacións. Non sabe se houbo algunha irregularidade nin o que fixo a xente despois, eles o único que fixeron foi intentar explicar a normativa do Plan e no caso do Tarabelo admitiuse a totalidade das alegacións, copiadas da que presentou Anova; felicita aos veciños de Sada que se reuniron para protestar polos seus dereitos, o resto non lle corresponde ao concello como ben dixo o sr. Montouto.-

Sometido o asunto a votación, resulta desestimada a moción por seis votos a favor e nove en contra.-

8º.2.- Moción do grupo municipal do PP relativa ao uso de símbolos non oficiais de Sada por parte do concello.-

A sra. Rodríguez Teijeiro xustifica a urxencia da moción do grupo municipal do PP relativa ao uso de símbolos non oficiais de Sada por parte do concello na existencia dun acordo plenario, uns decretos e unha normativa autonómica que da lexitimidade a un escudo deste municipio desde o ano 2011, que foi substituído de xeito que considera arbitrario por un logotipo, e esta é unha cuestión de relevancia social e de valor institucional, o seu grupo considera necesario actuar con responsabilidade e cumprir a lei, evitando caer na arbitrariedade.-

O sr. Suárez di que este goberno utiliza o escudo oficial do concello e utiliza un logotipo do concello, mentres que o sr. Anido cando era alcalde de Sada renegou do deseño que Isaac Díaz Pardo entregoulle gratis ao Concello. O escudo do que fala a moción aprobouse cun goberno do BNG en Sada, eles son os primeiros interesados en utilizar ese escudo.-

A sra. Rodríguez Teijeiro di que en todo caso tratase de que poidan convivir ambos, o logotipo e o escudo oficial, non de tratar de erradicar o que se viña utilizando de maneira legal.-

O sr. Alcalde amosa o escudo que figura na convocatoria desta sesión, que é o emblema oficial a utilizar nas comunicacións oficiais e para actos de protocolo, distinto do emblema que se utiliza a efectos publicitarios, e anuncia que para que non haxa dúbidas respecto da utilización dun e doutro vaise elaborar un manual de Identidade Corporativa que estableza onde se pode utilizar o logotipo e onde se ten que utilizar o escudo, porque lle parece un luxo ter un logotipo feito por Isaac Díaz Pardo de forma gratuíta e renunciar a utilizalo, cre que poden convivir como así están convivindo. Di que esta idea é seguida tamén noutros sitios, coma o concello da Coruña, onde o sr. Negreira aprobou un logotipo para utilizar como propaganda con independencia do uso do escudo, so que eles tiveron que pagar por ese logotipo e para Sada foi gratuíto e ademais o fixo Díaz Pardo. Pon como exemplo doutras institucións o regulamento da Universidade da Coruña, do que le un parágrafo no que se distingue entre emblema, reservado para usos exclusivamente protocolarios, e a identidade corporativa que será utilizada para rotulación, comunicación impresa, cartelería, publicidade, etc.. Este concello está facendo o mesmo que a Universidade da Coruña, polo que non cre que a moción sexa urxente.-

A sra. Bolaño, sobre as cuestións utilizadas para acreditar a urxencia desta moción, di que conforme á lei como acaba de dicir o alcalde, é compatible o logo e máis o escudo, respecto da idiosincrasia ou identificación social, tamén a respecta o logo e en terceiro lugar, trátase dun logo feito por Isaac Díaz Pardo, cuxas mans puxeron no paseo da fama e agora queren eliminar o uso dese logo; a moción non é urxente.-

A sra. Rodríguez Teijeiro di que en absoluto queren eliminar nada, senón que se respecten ambos símbolos, cre que agora hai un solapamento do uso dun logotipo por encima do escudo oficial, son cuestións que non deberían ser obxecto de confrontación política nin de debate.-

O sr. Alcalde reitera que teñen que convivir os dous como así o están facendo. O escudo tramitouse cando el era secretario do alcalde D. Abel López Soto, porque houbo un acordo plenario e tiñan a costume de cumprir os acordos plenarios; vaise cumprir a lei e vaise facer o manual de Identidade Corporativa, para delimitar a utilización do logo e do escudo.-

Sometida a votación a declaración de urxencia da moción, resulta a mesma desestimada por seis votos a favor e nove en contra.-

8°.3.- Moción do grupo municipal do PP de reprobación de varios concelleiros.-

A sra. Salorio presenta a moción do grupo PP sobre reprobación de varios concelleiros, xustificando a súa urxencia no cumprimento da lei, que esixe para o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra da administración pública o previo recoñecemento da compatibilidade, xa que ata a sesión plenaria de 28-1-2016 houbo catro concelleiros que supostamente levaban case 7 meses con dedicación parcial ás súas correspondentes concellerías sen ter aínda presentada ao Pleno a solicitude de compatibilidade do exercicio do seu cargo municipal co seu traballo na empresa privada.-

Declarada por unanimidade a urxencia da moción, a sra. Salorio di que pola súa experiencia do mandato anterior, non basta con pedir a compatibilidade, ademais hai que levala a Pleno para legalizar a situación fiscal e laboral deses concelleiros que non deberían estar dados de alta na Seguridade Social nin terían dereito a cobrar polo seu labor municipal ata a aprobación plenaria de dita compatibilidade. Ditos concelleiros non actuaron coa dilixencia esixible polo seu cargo, ao non poñer en coñecemento do Pleno, con carácter previo á percepción de retribucións con cargo ao presuposto municipal, o exercicio de actividades privadas, polo que tal conduta debe ser desaprobada enerxicamente pola Corporación.-

A sra. Reimúndez di que o sr. Anido adoita falar da necesidade de separar a vida política do ámbito persoal, pero neste caso o PP pasou esta liña. É lamentable que se traia un asunto como este porque non teñen argumentos políticos. A súa incompatibilidade non existe, é obvio que o seu traballo nunha tenda de roupa é totalmente compatible coa súa responsabilidade política. Explica cal é a súa xornada de traballo fóra do concello e as reducións que fixo para poder atender á súa concellería con total dispoñibilidade, non está aquí para obter un sobresoldo como quere facer ver o PP, tratando de confundir á xente e de manchar o nome do BNG. Ela non ten nada que xustificar, non cobrou nada ilegal nin ten nada que ocultar, e aí está o informe de Secretaría que o pode xustificar. Pide que non fagan perder o tempo nin ao goberno municipal nin aos funcionarios con este tipo de asuntos.-

A sra. Bolaño pide á Alcaldía que permita intervir individualmente a cada un dos concelleiros citados na moción do PP con nome e apelidos, independentemente da intervención dos grupos. Entende a indignación da sra. Reimúndez, porque a única intención desta moción e mesturar o político co persoal, pero ela ten tomada a decisión de non dar explicacións da súa honorabilidade. Se os autores da moción consideran que existe ilegalidade, que vaian a onde consideren oportuno, en Betanzos hai xulgados. Ela polas mañás vai traballar e polas tardes presta un servizo público, nin isto é un posto de traballo nin depende deste ingreso. Por outra parte a moción fala das normas que regulan a dedicación exclusiva, pero ese non é o caso de ningún destes catro concelleiros, que teñen dedicación parcial. O Pleno declarou en xaneiro a compatibilidade do seu traballo co cargo de concelleira, e esa situación, igual que os traballos, non variaron nos meses anteriores. Pregúntalle ao sr. Interventor municipal se existe algún reparo nas nóminas sobre este asunto dende que empezou a cobrar pola súa dedicación ao cargo, informando o sr. Interventor de que non hai ningún reparo. O PP tratou de atacala con esta cuestión na prensa porque non poden dicir absolutamente nada da súa xestión, pero os membros deste grupo non poden darlle leccións de ética e honestidade. Que traian propostas serias e que fagan o control de goberno que corresponde á oposición, pero que sexan respectuosos, cando entran nun tema persoal deixan de selo.-

O sr. Tenreiro di que isto transcende do plano político ao plano particular e vai ter consecuencias, porque coa súa dignidade non se xoga. Espera que lle pidan desculpas ao sr. Montouto, que foi criticado nunha primeira moción e na prensa, pero xa non é mencionado nesta moción. Fala das acusacións vertidas contra el, como desenvolver a súa “actividade laboral privada no ámbito da administración pública”, nas que se lle acusa de feitos reprobables, ilegais, deshonestos e indecentes; a moción di que segundo o art. 75 da Lei 7/1985 a retribución dos concelleiros por dedicación exclusiva é incompatible coa percepción doutras retribucións, pero ningún dos concelleiros citados naquela teñen dedicación exclusiva; a moción fala tamén de exercer actividades privadas sen poñelo antes en coñecemento do Pleno, cando el non ten ningunha actividade privada. Non obstante, os asinantes da moción queren reprobalos por eses dous motivos. Expón a súa actuación desde que se lle comunicou a recepción da credencial de concelleiro, presentando as declaracións de bens patrimoniais e das causas de posible incompatibilidade conforme se lle informou. Fala das consultas e solicitudes que fixo na Xunta de Galicia cando foi nomeado concelleiro con dedicación parcial, da súa solicitude de redución de xornada cun terzo de redución de soldo para dedicarlle dous días pola mañá ao concello. Di que cando pediu a redución de xornada pediu tamén a compatibilidade, acudindo á oficina de incompatibilidades e boas

prácticas da Xunta e que ten un informe asinado polo Director Xeneral da Función Pública no que se di que non precisa autorización previa de compatibilidade o persoal ao servizo da Comunidade autónoma que pretenda compatibilizar dita actividade co desempeño dunha actividade pública secundaria como membro de unha corporación local sen dedicación exclusiva. Di que todo isto o comenta para que o saiba a xente e que non se pode comparar a súa situación coa da sra. Salorio, porque se tivera o soldo desta viría gratis a traballar ao Concello. Menciona que sendo alcalde o sr. Anido o réxime retributivo foi de aplicación con efecto retroactivo polo que cobraron desde a data dos nomeamentos. Menciona as noticias da prensa sobre investigacións relativas ao PP valenciano e outros casos análogos e se pregunta se van reprobar isto tamén.-

A sra. García Ben afirma que todos e cada un dos postos de traballo do goberno municipal actual foron e son totalmente compatibles, todos aceptaron unha dedicación parcial. No seu caso tamén reduciu a 20 horas semanais a súa xornada laboral na empresa privada antes de aceptar o posto de concelleira delegada, e di ter a copia da modificación do contrato enviada ao INEM por si alguén quere vela. En todo momento os membros do goberno actuaron con transparencia e estiveron dispostos a entregar toda a documentación que se lles requira para cada caso, polo que non entende como reprochable ningunha das súas actuacións en canto á compatibilidade entre ambos postos de traballo e tampouco as dos seus compañeiros e compañeiras. As ilegalidades hai que denuncialas, pero tamén hai que demostralas, onde hai que acusar non é na prensa senón no xulgado e un xuíz dirá se teñen ou non que devolver os cartos traballados.-

A sra. Salorio di que todas as alusións persoais feitas non teñen nada que ver coa moción do seu grupo, a cal refírese ao cumprimento da legalidade solicitando a compatibilidade en tempo e forma antes de comenazar a exercer o cargo, non é función de cada concelleiro valorar se os postos de traballo privados son compatibles coa actividade municipal; no mandato anterior ela tivo que solicitar a declaración de compatibilidade e o Pleno aceptouna. Eles non van reclamar eses soldos que cobraron, o deixan a criterio dos concelleiros interesados se consideran que non están incumprindo a legalidade. O soldo que ela perciba no seu traballo, que gañou por oposición, nada ten que ver coa legalidade das compatibilidades que aquí se debate.-

O sr. Suárez di que os membros do grupo PP afirman que non se trata dunha cuestión persoal cando poñen en dúbida a honorabilidade e o respecto polas leis de membros desta Corporación. Como non teñen argumentación política para atacalos, os atacan persoalmente na prensa e agora queren recuar por se son eles os levados aos tribunais; non fan outra cousa que tratar de meter paus na roda polo traballo que leva facendo o goberno municipal dende o verán pasado. Dá lectura a parte do informe de Secretaría no que se di que este non é un suposto de interese persoal que dea lugar ao deber de abstención, polo que os concelleiros afectados pola moción poden participar normalmente do seu debate e votación, e no que se cita como antecedente nesta Corporación os casos de reprobación do sr. Anido cando foi alcalde no ano 2014, nos que o afectado participou nas respectivas votacións, porque pensa que o que pretendían os autores da moción era que os catro concelleiros afectados polas súas mentiras non estiveran presentes nesta sesión.-

A sra. Bolaño di que é coherente e que igual que pensa que ela non ten que xustificarse laboralmente tampouco considera que o teña que facer a sra. Salorio, pero esta é corresponsable desta moción e das notas enviadas á prensa, onde se di que non se trata de temas persoais pero se lles cualifica de deshonestos, indecentes, autores de ilegalidades, incluso se lles chama “sinvergüenzas” e isto non é político, senón un ataque descalificador e persoal que ela non vai consentir. Non é comparable o seu caso, cunha dedicación parcial e un traballo a tempo parcial, coa situación na que a sra. Salorio estaba, con xornada completa no seu posto de traballo e a parte viña aquí cunha dedicación parcial, o que equivale a pluriemprego, que non é o caso de ningún dos concelleiros desta Corporación, algúns cun traballo parcial e outros que reduciron a súa xornada. Di que tanto a moción como as notas de prensa son algo rastreiro, falan de legalidade pero o sr. Interventor municipal non ten ningún reparo sobre esta cuestión, como tería se houbese algunha irregularidade, e así o dixo claramente. Na súa segunda intervención xa non usan a palabra ilegal porque eles mesmos se deron conta da barbaridade que dixeron e non se atreven a repetila.-

O sr. Anido di que ninguén dixo que a compatibilidade sexa legal ou non, pero non deron conta ao Pleno dela; a el levárono á fiscalía e o acusaron fai dous anos de cobrar das arcas públicas un soldo sen ter solicitado ao Pleno a compatibilidade co exercicio da súa actividade privada, sendo administrador dunha empresa. Aquí se está discutindo que hai que pedir ao Pleno a compatibilidade, como fixo no seu momento a sra. Salorio; claro que as súas actividades privadas ou públicas son compatibles coa

actividade política, pero os membros do goberno municipal cobraron irregularmente o salario durante oito meses porque de maneira preceptiva hai que pedir ao Pleno a compatibilidade e a partir de que o Pleno a aprobe poden cobrar do erario público, así o di o informe do sr. Secretario, claro que é compatible pero é preceptivo pedilo no Pleno. Repite que a el se lle acusou de estar cobrando do erario público ilegalmente e sendo administrador dunha empresa, sen darlle a oportunidade de poder explicarse e mostrar a acta notarial que di que xa non é administrador desa empresa desde xullo de 2011. Non se trata de se poden ou non exercer os cargos, senón de que non pediron a compatibilidade cando era debido e estiveron 8 meses de maneira irregular cobrando soldos que non debían e posiblemente vaian ter que devolvelos.-

O sr. Suárez, en relación cun comentario do sr. Anido na súa intervención anterior, di que efectivamente o BNG votou en contra da compatibilidade da sra. Salorio e hoxe volvería a votar en contra pero nunca o BNG dixo que a sra. Salorio estaba nunha situación ilegal, enganando aos sadenses, usando con dubidoso criterio os cartos públicos etc., como fixo aquí o grupo PP. A compatibilidade ou incompatibilidade do sr. Anido será este o que teña que demostrala.-

A sra. Bolaño di que se lles insultou publicamente de forma reiterada e por iso séntense indignados, pero cando hai tantas cousas que facer e que mellorar en Sada, os membros do grupo PP con esta moción en concreto se representan e non valen a pena.-

O sr. Tenreiro lembra que a moción de reprobación non di o que di o sr. Anido, non di nada de devolver o soldo nin oito meses, reitera que ningún deles ten dedicación exclusiva como pon a moción, nin no seu caso ten actividade privada, o sr. Anido non cita unha norma onde se xustifique o que di, e a el lle di o Director Xeral da Función pública de Galicia, nomeado polo sr. Feijoo, que non é precisa a autorización previa de compatibilidade, e ten aquí o informe a disposición.-

O sr. Alcalde di que procede votar por separado as reprobacións dos concelleiros, e aínda que os concelleiros afectados non teñen a obriga de abstención van absterse cada vez que se vote a súa reprobación. Efectuada nestes termos a votación, resulta desestimada a moción de reprobación cos seguintes resultado:

Desestímase a reprobación de D^a. Isabel Reimúndez Suárez por seis votos a favor e nove en contra.-

Desestímase a reprobación de D^a. Raquel Bolaño Fariñas por seis votos a favor e nove en contra.-

Desestímase a reprobación de D. Miguel Tenreiro Bouza por seis votos a favor, oito en contra e unha abstención.-

Desestímase a reprobación de D^a. Zeltia Natividade García Ben por seis votos a favor, oito en contra e unha abstención.-

8º.4.- Declaración institucional con motivo do 40º Aniversario da proclamación da República árabe saharauí democrática.-

A sra. Reimúndez expón que o vindeiro 27 de febreiro cúmprese o 40º aniversario da proclamación da República árabe saharauí democrática, e que a urxencia desta moción xustifícase pola situación que se vive nos campamentos da poboación refuxiada saharauí despois das chuvias torrenciais de outubro de 2015 que afectaron a máis de 90.000 persoas, situación da que todos deben estar concienciados e por iso se presenta esta moción, que tamén reconece o labor das asociacións que fan divulgación e axudan a esta poboación tan afectada acollendo a familias e tamén das familias de Sada que colaboran nisto.-

Declarada por unanimidade a urxencia da moción, a sra. Reimúndez expón o contido da mesma, a prol do recoñecemento do dereito de autodeterminación do pobo saharauí, pedindo ao Goberno español que lle dea o status diplomático á Representación do Frente Polisario en España, instando ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, instando ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os activistas saharauís de dereitos humanos, e instando tamén ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente a prol da vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.-

Todos os grupos maniféstanse a favor da moción, agás o grupo PP, cuxo voceiro o sr. Anido di que están de acordo tamén coa moción excepto na frase que reafirma o recoñecemento lexítimo da Fronte Polisario, por respecto á postura oficial de España, que apoia unha solución política, xusta e duradeira do pobo saharauí occidental no marco dos principios propostos nas cartas da ONU, pero non se posiciona a favor con respecto á Fronte Polisario en tanto que é un partido, un movemento político cun fin instrumental, que dificilmente pode recoñecerse como lexítimo representante do pobo saharauí; por este motivo van votar en contra da moción.-

O sr. Suárez quere aclarar que a Fronte Polisario está recoñecido pola Organización das Nacións Unidas.-

O sr. Alcalde di que se trata dun pobo sen estado e a Fronte Polisario é o primeiro interesado nunha solución política para o conflito; cre que ese pobo sen estado foi traizoado por Alxeria, Marrocos e España consecutivamente, agora España está intentando reparar erros do pasado pero é insuficiente e hai que implicarse máis para ter unha solución para toda esa poboación desprazada.-

Sometida a votación a moción, resulta a mesma aprobada por maioría, con nove votos a favor e seis en contra, quedando adoptado o seguinte acordo:

O Concello de Sada manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e ao Fronte POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharauí. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o status diplomático á Representación do Fronte POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharauí, recoñecido así pola ONU.-

2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.-

3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauís e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.-

4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza no Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado o seu mandato á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.-

5. Mostra o apoio incondicional á lexítima loita do Pobo Saharauí pola súa liberdade.-

6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás de Sada que fan posibles proxectos de cooperación co Pobo Saharauí, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc..-

8º.5.- Moción relativa á igualdade laboral das mulleres.-

A sra. Reimúndez expón a moción do grupo BNG relativa á igualdade laboral das mulleres, cuxa urxencia xustifica dicindo que este é o Pleno máis próximo ao 8 de marzo, data na que se conmemora o día internacional da muller traballadora en lembranza dese 8 de marzo de 1857 no que un grupo de obreiras téxtiles saíron a rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais, pois a pesar dos anos transcorridos a realidade segue evidenciando que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade para as mulleres.-

Efectuada votación, apróbase por unanimidade a urxencia da moción, procedendo a sra. Reimúndez á exposición do seu contido.-

A sra. Bolaño súmase á moción como muller traballadora, declara a posición do PSOE en defensa das mulleres traballadoras, fala das dificultades de ser muller traballadora e ser muller na política, pide que se vaian cambiando as cousas porque é un mundo moi masculinizado e fai un chamamento á participación nas diferentes iniciativas que se van desenvolver respecto do Día internacional da muller traballadora.-

O sr. Montouto di que Sadamaioría apoia como non pode ser de outra forma a moción presentada polo BNG, a súa organización é profundamente antipatriarcal e defende en todo momento a igualdade e o acceso da muller ao libre mercado laboral.-

A sra. Salorio afirma que o seu grupo está de acordo na existencia de desigualdade no mercado laboral e en todos os ámbitos con respecto á muller e apoian todas as medidas que se poidan tomar para favorecer a incorporación de todas as persoas ao mundo laboral e a conciliación familiar, pero por educación e por tradición a muller sempre está máis pendente dos seus ascendentes e descendentes e non ten claro que medidas especificamente feministas vaian solucionar o problema, pensa que hai que buscar a solución para todos en xeral, no só para mulleres en precariedade; o seu grupo absterase.-

A sra. Bolaño di que igualdade para todos, por suposto, pero é que estamos falando do 8 de marzo que é o día internacional da muller traballadora.-

— Sendo as 22:16 minutos abandona a sesión a concelleira D^a. Nuria Castro García.-

Efectuada a votación, apróbase a moción por maioría, con nove votos a favor e cinco abstencións, quedando adoptado o seguinte acordo:

1º.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a dar cumprimento ao artigo 37 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que inclúa, entre outras medidas, axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres mozas e ás de máis de 45 anos e a creación dunha Renda de Inserción laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.-

2º.- Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente.-

3º.- Apoiar publicamente a chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais con motivo desta data.-

— Sendo as 22:17 minutos incorpórase á sesión a concelleira D^a. Nuria Castro García.-

9º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez formula os seguintes rogos e preguntas:

1) Roga ao sr. Alcalde que antes de convocar as Comisiones informativas pregunte aos portavoces se poden asistir ese día porque un dos hoxe aquí sentado pronto terá que cambiar este asento polo banquiño, pois o Fiscal decidiu xa presentar acusación contra o portavoz do PP, sr. Anido, polas irregularidades na contratación da coordinadora e este será pronto xulgado por un delito de prevaricación, uníndose así a unha serie de compañeiros de partido xulgados por delitos relacionados coa corrupción.-

2) Di que en data 10-06-2011 o entón alcalde de Sada, sr. Anido Varela, formulou declaración de bens patrimoniais incluíndo entre outros 250 participacións en PROSABE S.L. e 33 accións de PROVISA S.L., así como declaración sobre causas de posible incompatibilidade, recoñecendo a súa condición de administrador de PROSABE S.L. Posteriormente, en data 19-7-2011 declarou como modificación durante o mandato a venta de ditas participacións en PROSABE S.L. e en PROVISA S.L., así como o seu cese como administrador de PROSABE S.L., pero os datos desta última declaración non son certos, pois o cese como administrador foi en data 18-1-2012, tal e como publica o Boletín Oficial do Rexistro Mercantil de 27-1-2012, polo que houbo infracción do establecido na Lei 53/1984, de incompatibilidades. Di que tampouco é certa a declaración do sr. Anido sobre PROVISA S.L., como proba unha certificación do Rexistro de A Coruña de 26-12-2013 segundo a cal é dono nesa data do 50% do capital social desa mercantil. Por todo o exposto, dado que ningún membro do goberno municipal é ao mesmo tempo promotor inmobiliario, roga ao sr. Alcalde que estude se é ao voceiro do PP a quen hai que pedirlle que devolva o diñeiro dos sadenses.-

3) Di que a Corporación pronto aprobará provisionalmente o seu primeiro Plan Xeral de Ordenación, e que o PDSP vai apoialo unha vez introducidos os cambios necesarios para conseguir un Plan para todos os veciños e non para un grupo de privilexiados como pretendía o anterior alcalde. Para ese apoio só queda pendente un fleco, que lle roga ao alcalde que acometa e quere facer público: que se corrixan os cambios introducidos fora do período de alegacións durante o mandato do PP para revalorizar inxustamente as propiedades dalgúns a costa do resto dos sadenses. Di que se refire a un solar de Fontán propiedade do irmán do anterior alcalde chamado “finca do pelotazo”, que da noite á mañá obtivo un aumento de edificabilidade do 40% sen sequera ter que facer unha alegación; como ao parecer ninguén pediu ese aumento e o ex-alcalde chegou a dicir en prensa que saía máis beneficiado co estado anterior do solar, roga ao alcalde que inclúa este cambio entre as modificacións do PXOM.-

4) Menciona unhas manifestacións nun periódico local sobre supostos impedimentos que o goberno da Marea lle pon aos populares para o acceso á información demorando o acceso con excusas, negando que existan expedientes ou reenviándoos dun a outro funcionario, e di que cando o sr. Anido era alcalde deixou sen resposta 40 peticións súas de información, que despois lle dará porque as quere ver.-

5) Como fixo xa no pleno pasado, roga que se mire con detalle o expediente que consta nos arquivos municipais no que por providencia de 13-1-2012 o entón alcalde pediu un informe a Secretaría para contratar un arquitecto a pesar de que o concello xa tiña arquitecto municipal, e fixo tal contratación en contra do informe rotundamente desfavorable á mesma; e como parece que se gastou indebidamente diñeiro dos contribuíntes, roga que se investigue esta circunstancia e se procede se esixa responsabilidade contable a través do Tribunal de Contas. Pregunta ao sr. Alcalde se se fixo algo sobre isto, respondendo este que non e pedindo o concelleiro que se actúe.-

6) Pregunta se xa apareceu ou non un expediente de contratación do arquitecto que foi á Xunta de Goberno e quedou sobre a mesa, e que nun ordenador dun funcionario di que está na alcaldía. O sr. Alcalde informa de que aínda non apareceu.-

A sra. Castro efectúa as seguintes preguntas:

- 1) Pregunta se xa enviou o equipo redactor do Plan Xeral algún informe respecto das propostas de modificación do mesmo enviadas polo Concello o pasado 22 de xaneiro, sendo informada polo sr. Montouto de que se recibiu o informe e se lle dará acceso o antes posible.-
- 2) Pregunta cando se lle van facilitar os informes policiais relativos a unha tala que solicitou fai 49 días, informando o sr. Alcalde de que responderá por escrito unha vez teña os datos do asunto.-

O sr. Anido fai os seguintes rogos:

- 1) Ante as afirmacións feitas nesta sesión sobre información privilexiada que ten o sr. Gómez co sr. Fiscal, pide que conste en acta o rogo e a súa fonte, porque el e o seu avogado non teñen esa información.-
- 2) Roga que se lle dea ao PP copia da chave da gaiola que alardeou de posuír o sr. Gómez na sesión plenaria anterior.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte e dúas horas e trinta minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-